

**CEIP PLURILINGÜE
ALEXANDRE RODRÍGUEZ CADARSO**

Lingua Estranxeira:

**Inglés 4º EP.
CURSO 2021-2022**

ÍNDICE

1. Normativa.
2. Introducción e contextualización.
3. Obxectivos.
 - Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA.
 - Concreción dos obxectivos para a área de Primeira Lingua Estranxeira Inglés en 4º EP
4. Competencias clave.
 - Comunicación lingüística.
 - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
 - Competencia dixital.
 - Aprender a aprender.
 - Competencias sociais e cívicas.
 - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
 - Conciencia e expresións culturais.
5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.
7. Materiais e recursos didácticos.
8. Procedemento para a avaliación inicial.
9. Procedemento de avaliación continua e final.
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
11. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.
12. Atención á diversidade.
13. Actividades complementarias e extraescolares.
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

1. Normativa

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
- **Resolución do 15 xullo de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. _ **Capítulo V: Programacións didácticas** (DOG 01.08.16)

2. Introducción e contextualización.

Introdución:

Todos os aspectos da área de Primeira lingua estranxeira: inglés son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Contextualización:

Esta programación está pensada para o CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso, situado nunha área semiurbana.

Socioeconomicamente, dicir que a maioría do alumnado non ten problemas económicos básicos, pero unha minoría ten carencias considerables, tanto económica como culturalmente.

O número de alumnado este curso é de 226 neste momento, tanto por novas incorporacións como por traslados. Contamos no centro con trece unidades, correspondéndolle tres a infantil e o resto a primaria.

O noso centro pertence a rede de centros plurilingües de Galicia desde o curso 2010-2011. O presente ano académico, igual que anos anteriores, temos os cursos de primaria, recibindo Educación Física en lingua estranxeira, así como E. Infantil. Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de primaria, que conta con 27 alumnos/as e que, como xa dixemos, atendendo ao proxecto plurilingüe, reciben a ensinanza de Educación Física en lingua estranxeira.

3. Obxectivos

Obxectivos na PRIMARIA:

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Concreción dos obxectivos para 4º EP.

- a. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- b. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.
- c. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- d. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.
- e. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- f. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.
- g. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.
- h. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- i. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.

4. Competencias clave

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

CCL: Comunicación lingüística.

CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía .

CD: Competencia dixital.

CAA: Aprender a aprender.

CSC: Competencias sociais e cívicas.

CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC: Conciencia e expresións culturais.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)

Desde esta área contribúese a que os alumnos comprendan a realidade na que viven e desenvolver coñecementos e actitudes sobre a sociedade actual.

Reforza a capacidade de traballar en equipo: o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, a aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, ser tolerante e respectar as opinións de compañeiros/as.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

Estas áreas estimularán a competencia matemática na medida en que o alumnado se enfrente a situacións cotiás a través da observación, experimentación e desenvolvemento de proxectos e traballos que precisen o uso de técnicas adecuadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar a lóxica e validez das argumentacións e reflexionar sobre estas, apoiar explicacións e presentar informacións na linguaxe matemática.

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

Desde estas áreas contribúese ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico que implicará, ademais, claridade nas exposicións, rigor no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese,...

Unha boa parte das aprendizaxes desta área preséntanse en diferentes códigos, formatos e linguaxes, requirindo diferentes procedementos para a súa comprensión: observar un fenómeno, relacionar os hábitos de alimentación, identificar principais características e comportamentos de animais e plantas esixen procedementos diferenciados de procura, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe destas áreas.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Son numerosos os recursos que existen na rede que contribúen ao desenvolvemento destas áreas: espazo Abalar, visionado de vídeos explicativos de experiencias científicas (youtube), apps, aplicacións didácticas (jclíc, edilim)

Debemos conseguir que o alumnado dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para poder transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes en distintos soportes.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Tamén a competencia para aprender a aprender é susceptible de desenvolvemento en todos os bloques desta área, deseñando tarefas para que o alumnado aprenda a contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentar distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, a confeccionar obxectos ou máquinas, etc. Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros e aprender deles.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (CSIEE)

Estas áreas favorecen a iniciativa e o espírito emprendedor desde todos os seus bloques mediante a planificación de tarefas enfocadas cara ao fomento da responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, a resolución de problemas, a capacidade de análise, o coñecemento de si mesmo e a autoestima. Na elaboración e desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos o alumnado pode transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados, construír modelos...; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo o planeado.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC)

Esta competencia tamén se traballa coas nosas actividades, xa que normalmente están relacionadas con inventos importantes para a historia da humanidade. En xeral, calquera proxecto que consista na creación dalgún artefacto que xerou un cambio na vida diaria da nosa cultura e/ou doutras culturas é adecuado para promover conciencia cultural.

5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Primeira lingua estranxeira inglés. 4º EP

Obxe	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	EI. Trans.	Compet
Bloque 1. Comprensión de textos orais						
<p>BLOQUE COMÚN</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación. - Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgun detalle concreto. - Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas. - Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...). - Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. 	<p>B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorcionen a mensaxe.</p> <p>B1.2. Cofecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto.</p> <p>B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</p>	<p>Coñece o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</p>	<p>EOE</p> <p>CCL</p>	<p>CCL</p>
			<p>PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</p>	<p>Coñece os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</p>	<p>TIC</p> <p>CCL</p>	<p>CCL</p>
			<p>PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</p>	<p>Discrimina Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</p>	<p>EOE</p> <p>TIC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p>
			<p>PLEB1.4. Escolla atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.</p>	<p>Participa atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper</p>	<p>EOE</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>
1ª, 2ª e 3ª AVALLIACIÓN						

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira. <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula. ▪ B1.2. Padróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Interese e respecto atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respeca atentamente as interaccións cara a cara, sen interromper 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
--	--	--	--	---	--

Primeira lingua estranxeira inglesa. 4º EP

Obxe	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	El. Trans.	Compet
Bloque 2. Producción de textos orais						
<ul style="list-style-type: none"> ■ b B2.1 Estratexias de produción: ■ c Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Concribir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Expressar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos - Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas a idade do alumnado e aos seus intereses. <ul style="list-style-type: none"> - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). - Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas. - Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. - Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then). ■ B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo. ■ B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación. ■ B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Coñece situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CSC 	
		<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Verbaliza para dar/obter información en interaccións cotiás 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL 	
	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación. ■ B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Emprega unha actitude de escoita atenta. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CSC 	
		<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Expón comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CSC 	
1ª AVALLIACIÓN						

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas. <ul style="list-style-type: none"> – Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: <ul style="list-style-type: none"> – Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible. – Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado). – Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas aportacións dos seus compañeiros/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respeita as aportacións dos seus compañeiros 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ten unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.7. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprega progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Primeira lingua estranxeira inglés. 4º EP

Obxe	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	El. Trans.	Compet
Bloque 3. Comprensión de textos escritos						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b B3.1. Estratexias de comprensión: ▪ f relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar. <ul style="list-style-type: none"> – Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade. – Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións. – Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, cartais da aula... – Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas. – Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. – Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura. – Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico). ▪ B3.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento dos signos de puntuación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. ▪ B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. ▪ B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. ▪ PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. ▪ PLEB3.4. Seleccióna contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordada a súa idade e intereses. ▪ PLEB3.5. Iniciaise progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. ▪ PLEB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e comprobaas. ▪ PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. ▪ Coñece a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual. ▪ Ten interese pola lectura nunha lingua estranxeira. ▪ Emprega contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordada a súa idade e intereses. ▪ Participa progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. ▪ Expón hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e comprobaas. ▪ Respecta a lingua escrita como medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CCL 		

2ª AVALLIACIÓN

	<ul style="list-style-type: none"> - Association de grafia, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafa-son. - Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £, @. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.9. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ten interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ E 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. ▪ PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprega de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE TIC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL CD
	<ul style="list-style-type: none"> – Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...). – Iniciar-se no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompiar e transmitir información. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fai os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso dos signos de puntuación máis básicos: – Uso de símbolos de uso frecuente: €, £. – Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ten Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas. – Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. ▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ E 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural 					

<p>distintos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reforcemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira. - Reforcemento da realidade plurilingüe da propia contorna. <p>■ B5.2. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos demais. - Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa. - Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc. - Descrición das rutinas diarias. - Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares... - Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda. - Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación a cantidade. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias. - Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade. - Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo. - Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta. 	<p>■ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.</p> <p>■ B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</p> <p>■ B5.5. Expresar noións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.</p> <p>■ B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.</p> <p>■ B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.</p> <p>■ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>■ B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p> <p>■ B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).</p> <p>■ B5.11. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p>	<p>■ PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura</p>	<p>■ Ten curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura</p>	<p>■ E</p>	<p>■ CCL ■ CSC</p>
<p>■ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</p> <p>■ B5.13. Comparar aspectos</p>	<p>■ PLEB5.4. Preguntar e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.</p> <p>■ PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...</p> <p>■ PLEB5.6. Preguntar e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos...).</p>	<p>■ PLEB5.7. Preguntar e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.</p>	<p>■ Verbaliza de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.</p> <p>■ Coñece os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...</p> <p>■ Coñece de xeito comprensible a localización (obxectos, espazos, seres vivos...).</p>	<p>■ EOE</p> <p>■ EOE</p>	<p>■ CCL ■ CSC</p> <p>■ CCL ■ CSC</p>

<p>ofrecemento de axuda.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Estructuras sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> – Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...). – Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is. How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)? My favourite (sport) is... (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is...). – Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa. – Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I've/No I haven't). – Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (What time is it?, It's (Half) past (one)...). – Descrición das rutinas diarias (I (get up) (at eight o'clock) on (Monday)). – Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to). 		<p>lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.14. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.8. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. ▪ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. ▪ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. ▪ PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. ▪ PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Discrimina adecuadamente os elementos das oracións ▪ Identifica preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. ▪ Retén rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. ▪ Relaciona aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe. ▪ Identifica vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ EOE ▪ EOE ▪ EOE ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CCL ▪ CCL ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100. – Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents). – Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?). – Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't). – Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)). – Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I 		<p>*</p>		<p>*</p>	<p>*</p>	

	<p>can; No I can't).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)). - Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing). - Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?). - Expresión de desexos (I want to (make a cake)). - Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)). - Expresión de instrucións (Touch your (legs), Listen, please...). - Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...). - Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?). <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e recepción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas (euros, cents, pounds, pence), estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións (rutina diaria...), instrumentos musicais, materiais, animais, partes do corpo e da cara e partes da casa. 					
	<p>-Abreviaturas dos elementos transversais:</p> <p>* CL: comprensión lectora EOE: expresión oral e escrita CA: comunicación audiovisual TIC: tecnoloxías da información e da comunicación E: emprendemento</p> <p>* ECC: educación cívica e constitucional IEHM: igualdade efectiva entre homes e mulleres * PVX: prevención da violencia de xénero * PI: principio de igualdade de trato e non discriminación</p> <p>PRPC: prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social</p>					

6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

Dependendo de factores, tales como o nivel de coñecementos iniciais, a natureza propia do grupo, o ritmo de desenvolvemento dos contidos, a disposición do alumnado como grupo, utilizaranse uns ou outros procedementos didácticos. Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos da aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo individual como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

Secuenciación habitual do traballo na aula.

Motivación:

- Partir do GG(gran grupo) para activar os coñecementos previos.
- Presentación actividade con gráficos, textos, fotos,etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, problemas de experimentación,...
- Resposta a preguntas
- Realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo,...)
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, intervencións no grupo clase.
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

7. Materiais e recursos didácticos.

O libro de texto que se emprega neste curso para esta materia é Oxford rooftops 4. O/a mestre/a iralles entregando material complementario para traballar na aula, así como recursos de internet, outros medios audiovisuais e a calquera outra fonte de información que se vaia considerando oportuna.

8. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos na materia de primeira lingua estranxeira inglés.

Como mínimo debemos coñecerse a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,... A información desta avaliación

inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

9. Procedemento de avaliación continua e final.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

Procedementos	Instrumentos de avaliación
Probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de exercicios • Resolución de casos prácticos • Resolución de problemas • Realización de fichas • Resposta a preguntas ou cuestións • Test: verdadeiro -falso, textos mutilados, de opción múltiple, ... • Elaboración de resumos, esquemas, gráficos,...
Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición dun tema • Resposta a preguntas • Lectura expresiva
Traballos individuais.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación e experimentación • ... de análise, • ... de síntese,. • Presentacións • Debates
Traballos en grupo	
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> • Listas de control • Caderno do alumno

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos:

1. Observación e análise de tarefas desenvolvidas na aula. 50% da cualificación

- ✓ **Observación.** 20% da cualificación deste apartado.
 - Intervencións orais dos alumnos
 - Participación activa na aula
 - Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia
 - Constancia, interese e esforzo

- ✓ **Traballo individual.** 20% da cualificación deste apartado.
 - Realización de pequenas experimentacións
 - Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado
 - Presentacións
 - Realización de tarefas no tempo previsto
 - Atención e interese demostrado

- ✓ **Traballo en grupo.** 10% da cualificación deste apartado.
 - Respecto ás normas de traballo en equipo
 - Aportacións ao grupo
 - Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as
 - Realización de tarefas no tempo previsto

2. Probas escrita . 50% da cualificación

- Elaboración de fichas
- Realización de traballos
- Controis de cada unidade didáctica
- Calidade de traballos de pequenas experimentacións ou clasificacións

Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

O resultado da cualificación seralle entregado a tutores/pais/nais, e terá carácter informativo e orientador do proceso de aprendizaxe e progreso do alumnado.

RECUPERACIÓN

O alumno/a que non alcance os obxectivos propostos:

- a. Rectificará a súa actitude si esa é a dificultade.
- b. En caso de que o mestre/a o estime oportuno fará aqueles traballos que non fixo ou que fixo mal e corraxirá o caderno.
- c. Na proba escrita de cada avaliación inclúiranse preguntas correspondentes á avaliación anterior, de xeito que os alumnos/as poidan recuperar este apartado da cualificación global. Tamén se valorará o cambio de actitude e o traballo desenvolvido para recuperar cada avaliación durante o trimestre seguinte.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico.

Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

11. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos titores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

12. Atención á diversidade.

Procuraremos ofrecer unha atención á diversidade, dentro do posible, tanto na programación como na metodoloxía.

Así, farase dependendo de cada caso, unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel presentarase as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar logo a un segundo nivel de profundización. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto.

As actividades de cada nivel tamén deberán reflectir esa diversidade. Unha serie de actividades servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir contidos mal aprendidos. Outra serie de actividades para comprobar a capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte dos alumnos.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ó longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel.

PROGRAMACIÓN
LINGUA ESTRANXEIRA
INGLÉS

CURSO 2021-2022
5º PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE ALEXANDRE RODRÍGUEZ CADARSO

ÍNDICE

1. Normativa

2. Introducción e contextualización

3. Obxectivos

- 3.1. Obxectivos xerais de Educación Primaria.
- 3.2. Concreción dos obxectivos para a área de Primeira Lingua Estranxeira Inglés en 5º EP

4. Competencias clave

- 4.1. Comunicación lingüística.
- 4.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 4.3. Competencia dixital.
- 4.4. Aprender a aprender.
- 4.5. Competencias sociais e cívicas.
- 4.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 4.7. Conciencia e expresións culturais.

5. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

7. Materiais e recursos didácticos.

8. Procedemento para a avaliación inicial.

9. Procedemento de avaliación continua e final.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

11. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

12. Atención á diversidade.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

14. Revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

1. NORMATIVA

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)

Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. _ **Capítulo V: Programacións didácticas** (DOG 01.08.16)

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Introdución:

Todos os aspectos da área de Primeira lingua estranxeira: inglés son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global.

A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Contextualización:

Esta programación está pensada para o CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso, situado nunha área semiurbana.

Socioeconomicamente, dicir que a maioría do alumnado non ten problemas económicos básicos, pero unha minoría ten carencias considerables, tanto económica como culturalmente.

O número de alumnado este curso é de 226 neste momento, tanto por novas incorporacións como por traslados. Contamos no centro con trece unidades, correspondéndolle tres a infantil e o resto a primaria.

O noso centro pertence a rede de centros plurilingües de Galicia desde o curso 2010-2011. O presente ano académico, igual que anos anteriores, temos os cursos de primaria, recibindo Educación Física en lingua estranxeira, así como E. Infantil.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 5º de primaria, que conta con 42 alumnos/as e que, como xa dixemos, atendendo ao proxecto plurilingüe, reciben a ensinanza de Educación Física en lingua estranxeira.

3. OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos na PRIMARIA:

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.2 Concreción dos obxectivos para 5º EP.

a. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

b. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

c. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

d. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

e. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares.

f. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.

g. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

h. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.

i. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.

4. COMPETENCIAS CLAVE

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

CCL: Comunicación lingüística.

CMCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía .

CD: Competencia dixital.

CAA: Aprender a aprender.

CSC: Competencias sociais e cívicas.

CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC: Conciencia e expresións culturais.

4.1 COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)

Desde esta área contribúese a que os alumnos comprendan a realidade na que viven e desenvolver coñecementos e actitudes sobre a sociedade actual.

Reforza a capacidade de traballar en equipo: o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, a aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, ser tolerante e respectar as opinións de compañeiros/as.

4.2 COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

Estas áreas estimularán a competencia matemática na medida en que o alumnado se enfrente a situacións cotiás a través da observación, experimentación e desenvolvemento de proxectos e traballos que precisen o uso de técnicas adecuadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar a lóxica e validez das argumentacións e reflexionar sobre estas, apoiar explicacións e presentar informacións na linguaxe matemática.

4.3 COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

Desde estas áreas contribúese ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico que implicará, ademais, claridade nas exposicións, rigor no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese,...

Unha boa parte das aprendizaxes desta área preséntanse en diferentes códigos, formatos e linguaxes, requirindo diferentes procedementos para a súa comprensión: observar un fenómeno, relacionar os hábitos de alimentación, identificar principais características e comportamentos de animais e plantas esixen procedementos diferenciados de procura, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe destas áreas.

4.4 COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Son numerosos os recursos que existen na rede que contribúen ao desenvolvemento destas áreas: espazo Abalar, visionado de vídeos explicativos de experiencias científicas (youtube), apps, aplicacións didácticas (jclíc, edilim)

Debemos conseguir que o alumnado dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para poder transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes en distintos soportes.

4.5 COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Tamén a competencia para aprender a aprender é susceptible de desenvolvemento en todos os bloques desta área, deseñando tarefas para que o alumnado aprenda

a contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentar distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, a confeccionar obxectos ou máquinas, etc. Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros e aprender deles.

4.6 SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

Estas áreas favorecen a iniciativa e o espírito emprendedor desde todos os seus bloques mediante a planificación de tarefas enfocadas cara ao fomento da responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, a resolución de problemas, a capacidade de análise, o coñecemento de si mesmo e a autoestima. Na elaboración e desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos o alumnado pode transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados, construír modelos...; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo o planeado.

4.7 CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

Esta competencia tamén se traballa coas nosas actividades, xa que normalmente están relacionadas con inventos importantes para a historia da humanidade. En xeral, calquera proxecto que consista na creación dalgún artefacto que xerou un cambio na vida diaria da nosa cultura e/ou doutras culturas é adecuado para promover conciencia cultural.

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación, transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>Identificación da tipoloxía de textos emitidos en diferentes situacións de comunicación (rima, canción, exposición, descrición, diálogo...), adaptando a comprensión ao mesmo.</p> <p>Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global ou dalgún detalle concreto.</p> <p>Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos para a adquisición do léxico, rutinas e expresións cotiás da lingua estranxeira.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe. ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis importante do texto. ▪ B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Escolta atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 		

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	CURSO	QUINTO	
Objectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
<p>Identificación de informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.</p> <p>Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</p> <p>Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo para a realización de tarefas na aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Patróns sonoros, rítmicos, de entoación e acentuación básica: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo, da entoación e da acentuación básica da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Aмосa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Planificación:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade e practicala varias veces, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Iniciarse na adecuación do texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando a estrutura de discurso adecuados a cada caso.</p> <p>Execución:</p> <p>Expressarse oralmente en situacións reais ou simuladas con progresiva autonomía, eficacia e complexidade das expresións utilizadas.</p> <p>Apoiarse nos coñecementos previos, sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, para participar activamente en situacións funcionais, previamente preparadas e adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses.</p>	<p>ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requirían un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo. ▪ B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación. ▪ B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. ▪ PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta. ▪ PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia. ▪ PLEB2.5. Recordar as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. ▪ PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as. ▪ PLEB2.7. Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</p> <p>Recoñecer e usar léxico, formas e estruturas básicas orais coñecidas e propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.</p> <p>Mantener conversas cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p> <p>Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais que esixan elección entre un repertorio limitado de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.</p> <p>Producir textos orais cotiáns de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos, dicindo ou lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia.</p>		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	CURSO	QUINTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f <p>B3.1. Estratexias de comprensión: Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar e formulación de hipóteses sobre o seu contido e contexto.</p> <p>Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación e hipótese sobre o contido de textos escritos breves do seu interese e adaptados á súa idade.</p> <p>Deducir o significado de palabras e expresións non coñecidas de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e co contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.</p> <p>Recoñecer textos breves, propios ou alleos de situacións cotiás próximas á súa experiencia como invitacións, felicitacións, notas, carteis...</p> <p>Recoñecer o léxico, formas e estruturas breves escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.</p>	<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p> <p>B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</p> <p>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.</p> <p>B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes.</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordos á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.8. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Captación da idea global e identificación de elementos específicos en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <p>Lectura menos guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.</p> <p>Usar progresivamente o dicionario bilingüe, biblioteca da aula e as tecnoloxías da información e da comunicación para ler (webs infantís e xuvenís, programas multimedia, correo electrónico).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> Recoñecemento dos signos de puntuación elementais. Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.9. Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	QUINTO
Objetivos	Contidos	Criteria de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: Planificación: <ul style="list-style-type: none"> Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ... Usar, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos (a quén vai dirixido, qué se quere dicir e como se vai organizar a información), así como a elaboración pautada dun borrador ou a revisión do texto para a súa corrección. Usar progresivamente o dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado. <p>Execución:</p> <p>Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. ▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. ▪ B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información. ▪ B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. ▪ PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. ▪ PLEB4.3. Escribe textos-sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos). ▪ PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. ▪ PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CCL ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO		QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Competencias clave
	<p>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual e bilingüe do alumnado, biblioteca de aula e materias dixitais para reproducir mensaxes escritas sinxelas.</p> <p>Apoiar-se nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.</p> <p>Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.</p> <p>Elaborar informacións en ficheiros, libriños... textos breves escritos afíns aos seus intereses e experiencias, cunha intención comunicativa.</p> <p>Reproducir a forma gráfica certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.</p>		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...). ▪ PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. ▪ PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).</p> <p>Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <p>Uso dos signos de puntuación elementais (interrogación, exclamación).</p> <p>Asociación de grafa, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafa-son, coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira. Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.</p>		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	CURSO	QUINTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>Cofecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe.</p> <p>Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.</p> <p>Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os cofecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. ▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. ▪ B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. ▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos. ▪ B5.4. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afecións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. ▪ B5.5. Expressarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa... ▪ B5.6. Expressar opinións básicas relativas a accións cotiás, de lecer... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Expressa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afecións... de si mesmo/a e doutra persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 			

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	<p>Contidos habituais e indicacións de dirección, en afirmativa e negativa.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.</p> <p>Expresión de existencia.</p> <p>Realización de preguntas sobre a existencia de algo.</p> <p>Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.</p> <p>Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data eta.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda. Formulación de preguntas e respostas sinxelas.</p>	<p>Criterios de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela. ▪ B5.15. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias. ▪ B5.16. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...). ▪ B5.17. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. 	<p>Estándares de aprendizaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas. 	<p>Competencias clave</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUÍNDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER POLO PROFESORADO, PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Dependendo de factores, tales como o nivel de coñecementos iniciais, a natureza propia do grupo, o ritmo de desenvolvemento dos contidos, a disposición do alumnado como grupo, utilizaranse uns ou outros procedementos didácticos. Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Principios metodolóxicos xenerais:

Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.

Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.

Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.

Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.

Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos da aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo individual como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

Secuenciación habitual do traballo na aula.

Motivación:

- Partir do GG(gran grupo) para activar os coñecementos previos.

- Presentación actividade con gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, problemas de experimentación,...
- Resposta a preguntas
- Realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo,...)
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, intervencións no grupo clase.
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto que se emprega neste curso para esta materia é Netex (Edixgal). O/a mestre/a iralles entregando material complementario para traballar na aula, así como recursos de internet, outros medios audiovisuais e a calquera outra fonte de información que se vaia considerando oportuna.

8. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos na materia de primeira lingua estranxeira inglés.

Como mínimo debemos coñecer a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as: O número de alumnos e alumnas.

O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares. As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos

Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates, ... A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E FINAL.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

Instrumentos de avaliación

Procedementos
Probos escritas

Resolución de exercicios
Resolución de casos prácticos
Resolución de problemas
Realización de fichas
Resposta a preguntas ou cuestións
Test: verdadeiro -falso, textos mutilados, de opción múltiple, ...
Elaboración de resumos, esquemas, gráficos,...

Probos orais

Exposición dun tema Resposta a preguntas
Lectura expresiva
Traballos de investigación e experimentación ... de análise, ... de síntese, Presentacións Debates

Traballos individuais.

Traballos en grupo
Traballo na aula

Listas de control
Caderno do

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos:

1. Observación e análise de tarefas desenvoltas na aula. 50% da cualificación
Observación. 20%

- Intervencións orais dos alumnos
- Participación activa na aula

-Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia -Constancia, interese e esforzo

Traballo individual. 20%

- Realización de pequenas investigacións
- Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado
- Pequenas presentacións
- Realización de tarefas no tempo previsto
- Atención e interese demostrado

Traballo en grupo. 10%

- Respecto ás normas de traballo en equipo
- Aportacións ao grupo
- Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as
- Realización de tarefas no tempo previsto

2. Probas escritas . 50% da cualificación

- Elaboración de fichas
- Actividades para a comprensión de textos escritos
- Realización de traballos
- Controis de cada unidade didáctica
- Calidade de traballos e de pequenas presentacións

Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

O resultado da cualificación seralle entregado a tutores/pais e terá carácter informativo e orientador do proceso de aprendizaxe e progreso do alumnado.

De non acadar os niveis mínimos requeridos, aplicaranse as medidas máis axeitadas a cada caso.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso.

Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.

6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos titores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Procuraremos ofrecer unha atención á diversidade, dentro do posible, tanto na programación como na metodoloxía.

Así, farase dependendo de cada caso, unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel presentaranse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar logo a un segundo nivel de profundización. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto.

As actividades de cada nivel tamén deberán reflectir esa diversidade. Unha serie de actividades servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir contidos mal aprendidos. Outra serie de actividades para comprobar a capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte dos alumnos.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ó longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

14. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS

CURSO 2021-2022
6º PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE ALEXANDRE RODRÍGUEZ CADARSO

ÍNDICE

1. Normativa	3
2. Introducción e contextualización.....	3
2.1. Introducción:	3
2.2. Contextualización:	3
3. Obxectivos	4
3.1 Obxectivos na PRIMARIA:	4
3.2. Concreción dos obxectivos para 6º EP.....	5
4. Competencias clave	5
5. Obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	7
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.	10
7. Materiais e recursos didácticos.	11
8. Procedemento para a avaliación inicial	11
9. Procedemento de avaliación continua e final.	12
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	13
11. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.	13
12. Atención á diversidade.	14
13. Actividades complementarias e extraescolares.	14
14. Revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	14

1. Normativa

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)

Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. _ **Capítulo V: Programacións didácticas** (DOG 01.08.16)

2. Introducción e contextualización

2.1. Introducción:

Todos os aspectos da área de Primeira lingua estranxeira: inglés son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

2.2. Contextualización:

Esta programación está pensada para o CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso, situado nunha área semiurbana.

Socioeconomicamente, dicir que a maioría do alumnado non ten problemas económicos básicos, pero unha minoría ten carencias considerables, tanto económica como culturalmente.

O número de alumnado este curso é de 226 neste momento, tanto por novas incorporacións como por traslados. Contamos no centro con trece unidades, correspondéndolle tres a infantil e o resto a primaria.

O noso centro pertence a rede de centros plurilingües de Galicia desde o curso 2010-2011. O presente ano académico, igual que anos anteriores, temos os cursos de primaria, recibindo Educación Física en lingua estranxeira, así como E. Infantil.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 6º de primaria, que conta con 22 alumnos/as e que, como xa dixemos, atendendo ao proxecto plurilingüe, reciben a ensinanza de Educación Física en lingua estranxeira.

3. Obxectivos

3.1 Obxectivos na PRIMARIA:

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.2. Concreción dos obxectivos para 6º EP

a. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

b. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

c. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

d. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

e. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares.

f. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.

g. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

h. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.

i. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.

4. Competencias clave

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

CCL: Comunicación lingüística.

CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía .

CD: Competencia dixital.

CAA: Aprender a aprender.

CSC: Competencias sociais e cívicas.

CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC: Conciencia e expresións culturais.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)

Desde esta área contribúese a que os alumnos comprendan a realidade na que viven e desenvolver coñecementos e actitudes sobre a sociedade actual.

Reforza a capacidade de traballar en equipo: o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, a aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, ser tolerante e respectar as opinións de compañeiros/as.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

Estas áreas estimularán a competencia matemática na medida en que o alumnado se enfrente a situacións cotiás a través da observación, experimentación e desenvolvemento de proxectos e traballos que precisen o uso de técnicas adecuadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar a lóxica e validez das argumentacións e reflexionar sobre estas, apoiar explicacións e presentar informacións na linguaxe matemática.

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

Desde estas áreas contribúese ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico que implicará, ademais, claridade nas exposicións, rigor no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese,... Unha boa parte das aprendizaxes desta área preséntanse en diferentes códigos, formatos e linguaxes, requirindo diferentes procedementos para a súa comprensión: observar un fenómeno, relacionar os hábitos de alimentación, identificar principais características e comportamentos de animais e plantas esixen procedementos diferenciados de procura, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe destas áreas.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Son numerosos os recursos que existen na rede que contribúen ao desenvolvemento destas áreas: espazo Abalar, visionado de vídeos explicativos de experiencias científicas (youtube), apps, aplicacións didácticas (jclíc, edilim)

Debemos conseguir que o alumnado dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para poder transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes en distintos soportes.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Tamén a competencia para aprender a aprender é susceptible de desenvolvemento en todos os bloques desta área, deseñando tarefas para que o alumnado aprenda a contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentar distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, a confeccionar obxectos ou máquinas, etc. Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros e aprender deles.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

Estas áreas favorecen a iniciativa e o espírito emprendedor desde todos os seus bloques mediante a planificación de tarefas enfocadas cara ao fomento da responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, a resolución de problemas, a capacidade de análise, o coñecemento de si mesmo e a autoestima. Na elaboración e desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos o alumnado pode transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados, construír modelos...; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo o planeado.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS (CEEC)

Esta competencia tamén se traballa coas nosas actividades, xa que normalmente están relacionadas con inventos importantes para a historia da humanidade. En xeral, calquera proxecto que consista na creación dalgún artefacto que xerou un cambio na vida diaria da nosa cultura e/ou doutras culturas é adecuado para promover conciencia cultural.

5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Primeira lingua estranxeira inglés. 6º EP						
Obxe	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	El. Trans.	Compet
Bloque 1. Comprensión de textos orais						
BLOQUE COMÚN - 1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f <p>▪ B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>▪ B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.</p>	<p>▪ B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p> <p>▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p> <p>▪ B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p> <p>▪ B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<p>▪ PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).</p>	<p>▪ Coñece o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).</p>	<p>▪CL</p>	<p>▪CCL ▪CAA</p>
			<p>▪ PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p>	<p>▪ Coñece mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información</p>	<p>▪CL</p>	<p>▪CCL ▪CAA</p>
			<p>▪ PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>▪ Comprende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas</p>	<p>▪EOE</p>	<p>▪CCL ▪CSC ▪CAA</p>
			<p>▪ PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).</p>	<p>▪ Diferenza o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza</p>	<p>▪EOE</p>	<p>▪CSC</p>

Primeira lingua estranxeira inglés. 6º EP						
Obxe	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	El. Trans.	Compet
Bloque 2. Producción de textos orais						
1ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ i <p>▪ B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Expressar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándose adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais. <p>Lingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. 	<p>▪ B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.</p> <p>▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.</p> <p>▪ B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.</p> <p>▪ B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, cornixir ou reformular o que se quere dicir.</p>	<p>▪ PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día;</p> <p>describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>	<p>▪ Elabora presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese.</p>	<p>▪EOE ▪CA</p>	<p>▪CCL ▪CAA</p>

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Paralingüísticos e paratextuais <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda. - Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica). - Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais ▪ B2.2. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa. 				

Primeira lingua estranxeira inglés. 6º EP

Obxe	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	El. Trans.	Compet
------	----------	------------------------	---------------------------	-------------------------	------------	--------

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Padróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> - Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía. 					

(p. e. ☺, @, €).

Primeira lingua estranxeira inglés. 6º EP

Obxe	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	EI. Trans.	Compet
Bloque 4. Producción de textos escritos						
3ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1 Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.). - Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.). - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. ▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. escribindo palabras e frases moi usuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪Elabora un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪Fai correspondencia persoal breve e simple. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CL ▪ TIC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC

	<ul style="list-style-type: none"> frequency (e. g. sometimes, on Sundays). - Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades. 				
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos. ▪ B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades...). ▪ B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. ▪ B5.13. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. ▪ B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas. 				
<p>▪Abreviaturas dos elementos transversais:</p> <p>* CL: comprensión lectora EOE: expresión oral e escrita CA: comunicación audiovisual TIC: tecnoloxías da información e da comunicación E: emprendemento</p> <p>* ECC: educación cívica e constitucional IEHM: igualdade efectiva entre homes e mulleres * PVX: prevención da violencia de xénero * PI: principio de igualdade de trato e non discriminación</p> <p>PRPC: prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social</p>						

6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

Dependendo de factores, tales como o nivel de coñecementos iniciais, a natureza propia do grupo, o ritmo de desenvolvemento dos contidos, a disposición do alumnado como grupo, utilizaranse uns ou outros procedementos didácticos. Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Principios metodolóxicos xenerais:

Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.

Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.

Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.

Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.

Afectividade : Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos da aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo individual como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

Secuenciación habitual do traballo na aula.

Motivación:

- Partir do GG(gran grupo) para activar os coñecementos previos.
- Presentación actividade con gráficos, textos, fotos,etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, problemas de experimentación,...
- Resposta a preguntas
- Realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo,...)
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, intervencións no grupo clase.
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

7. Materiais e recursos didácticos.

O libro de texto que se emprega neste curso para esta materia é Netex (Edixgal). O/a mestre/a iralles entregando material complementario para traballar na aula, así como recursos de internet, outros medios audiovisuais e a calquera outra fonte de información que se vaia considerando oportuna.

8. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos na materia de primeira lingua estranxeira inglés.

Como mínimo debemos coñecer a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as: O número de alumnos e alumnas.

O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares. As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos

Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,... A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela

poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

9. Procedemento de avaliación continua e final.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	Instrumentos de avaliación
Probas escritas	Resolución de exercicios Resolución de casos prácticos Resolución de problemas Realización de fichas Resposta a preguntas ou cuestións Test: verdadeiro -falso, textos mutilados, de opción múltiple, ...
Probas orais	Elaboración de resumos, esquemas, gráficos,... Exposición dun tema Resposta a preguntas Lectura expresiva
Traballos individuais.	Traballos de investigación e experimentación ... de análise, ... de síntese,. Presentacións Debates
Traballos en grupo	
Traballo na aula	Listas de control Caderno do

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A calificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos:

1. Observación e análise de tarefas desenvoltas na aula. 50% da cualificación

Observación. 20%

- Intervencións orais dos alumnos
- Participación activa na aula
- Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia
- Constancia, interese e esforzo

Traballo individual. 20%

- Realización de pequenas investigacións
- Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado

- Pequenas presentacións
- Realización de tarefas no tempo previsto
- Atención e interese demostrado

Traballo en grupo. 10%

- Respecto ás normas de traballo en equipo
- Aportacións ao grupo
- Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as
- Realización de tarefas no tempo previsto

2. Probas escritas . 50% da cualificación

- Elaboración de fichas
- Actividades para a comprensión de textos escritos
- Realización de traballos
- Controis de cada unidade didáctica
- Calidade de traballos e de pequenas presentacións

Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

O resultado da cualificación seralle entregado a tutores/pais e terá carácter informativo e orientador do proceso de aprendizaxe e progreso do alumnado.

De non acadar os niveis mínimos requeridos, aplicaranse as medidas máis axeitadas a cada caso.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

11. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.

8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos titores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

12. Atención á diversidade.

Procuraremos ofrecer unha atención á diversidade, dentro do posible, tanto na programación como na metodoloxía.

Así, farase dependendo de cada caso, unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel presentaranse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar logo a un segundo nivel de profundización. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto.

As actividades de cada nivel tamén deberán reflectir esa diversidade. Unha serie de actividades servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir contidos mal aprendidos. Outra serie de actividades para comprobar a capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte dos alumnos.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ó longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

14. Revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel